CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Participar en experimentos guiados e no rexistro dos datos correspondentes.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación, presentando os resultados en diferentes formatos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Estratexias de procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección e organización). - A organización política e territorial de España. - Organización e funcionamento da sociedade. As principais institucións e entidades da contorna local, rexional e nacional e os servizos públicos que prestan. Estrutura administrativa de España. - Ocupación e distribución da poboación no espazo e análise dos principais problemas e retos demográficos. Representación gráfica e cartográfica da poboación con datos obtidos de fontes estatísticas. A organización do territorio en España e en Europa. - Compromisos e normas para a vida en sociedade.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía será activa, participativa e comunicativa, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

Mesturárase o traballo individual, co traballo en pequenos grupos ou parellas, e tamén co traballo en gran grupo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
-Material funxible: cadernos do alumnado, folios, cartolinas, goma, lapis, rotuladores, ceras, bolígrafos...
-Material elaborado: fichas de traballo.
-Recursos dixitais: ordenadores portátiles, presentacións dixitais, páxinas web, aula virtual.
-Materiais de aulas específicas: biblioteca...
-Libros de consulta.
-Material específico de cada unidade.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de cada unidade, realizarase unha avaliación inicial a través dunha asemblea, mediante a cal se acadará o punto de partida de cada alumno/a.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	33	34	100
Proba escrita	94	95	96	95
Táboa de indicadores	6	5	4	5

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación da área, a través dos cales obteremos a cualificación de cada unidade e trimestre, serán os seguintes:

- 60% Aprendizaxes adquiridas (probas obxectivas).
- 40% Traballo diario (observación directa e sistemática).

Por outra banda, o peso de cada avaliación na construción da cualificación final da materia será o seguinte:

- 33% 1ª Avaliación.
- 33% 2ª Avaliación.
- 34% 3ª Avaliación.

En función destes criterios estableceremos as cualificacións trimestrais e final da área, que se expresará nos termos de Insuficiente (1, 2, 3 ou 4), Suficiente (5), Ben (6), Notable (7 ou 8), Sobresaliente (9 ou 10).

Cráterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou trimestre deberá recuperar a materia a través dunha proba obxectiva sobre os contidos básicos desta ou deste, despois de realizar o correspondente traballo de reforzo.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas con carácter curricular son o reforzo educativo e as adaptacións curriculares que se levan a cabo con algúns/algúns estudantes.

O reforzo educativo realízase dentro da aula ordinaria polo mestre/a titor/a e, noutras ocasións, pola mestra especialista en pedagogía terapéutica dentro da medida das súas posibilidades ou pola mestra ou mestre de apoio.

Reciben este tipo de reforzo aqueles/as alumnos/as que coa modificación de elementos non prescritivos do currículo, é dicir, a secuencia de contidos, as formas e instrumentos de avaliación, a organización da aula, os agrupamentos dos alumnos/as e todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía, poden seguir o proceso ordinario de ensino/aprendizaxe.

Por outra banda, a adaptación curricular (medida extraordinaria) refírese ás modificacións dun ou máis elementos prescritivos do currículo, como son obxectivos, contidos e criterios de avaliación, para atender ás necesidades educativas dun alumno/a motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal coma polas súas capacidades excepcionais.

O referente de toda adaptación curricular son os obxectivos xerais da etapa, concretados no proxecto curricular do centro para cada curso. Os obxectivos poden pertencer, se é o caso, a outro curso ou etapa distinto do que cursa o alumno/a obxecto de adaptación curricular.

Os nenos/as con adaptacións curriculares reciben apoio por parte da mestra de pedagogía terapéutica e, se é o caso, por parte da mestra de audición el linguaxe.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes.	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.7 - Educación para a paz.	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.		X	

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Educación viaria	Actividade sobre educación viaria acompañados da Policía Local de Santiago.	X		
Teatro	Asistimos ao teatro, para ver unha obra teatral.		X	
Remata o curso	Saída de fin de curso.			X

Observacións:

As actividades complementarias estarán relacionadas cos contidos das áreas curriculares, cos elementos transversais, cos proxectos desenvolvidos no centro ou coas conmemoracións e festas celebradas. A súa realización será flexible e irase concretando ao longo dos trimestres.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
1. Motivación do alumnado.
2. Presentación axeitada e motivadora dos conceptos.
3. Actividades variadas na aula.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
4. Recursos variados para a presentación de contidos e realización de tarefas.
6. Instrucións e orientacións ao traballo do alumnado.
8. Seguimento (control do proceso de Ensinanza-Aprendizaxe).
11. Uso de distintos instrumentos de avaliación.
Medidas de atención á diversidade
9. Atención á diversidade con medidas organizativas axeitadas para atender ao alumnado.
10. Medidas organizativas axeitadas para atender ao alumnado NEAE.

Clima de traballo na aula
5.Organización da aula, cunha boa organización do tempo e dos agrupamentos.
7.Clima de traballo favorecedor para o fomento o respecto e a colaboración entre o alumnado.

Descrición:

Trimestralmente farase un seguimento do desenvolvemento da programación na propia aplicación PROENS, previa reunión do profesorado do nivel na reunión de ciclo. A programación debe ser flexible, permitíndonos corrixir e modificar aqueles aspectos que non resultasen idóneos na posta en práctica.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Trimestralmente farase un seguimento do desenvolvemento da programación na propia aplicación PROENS, previa reunión do profesorado do nivel na reunión de ciclo. A programación debe ser flexible, permitíndonos corrixir e modificar aqueles aspectos que non resultasen idóneos na posta en práctica.

Poderemos analizar os seguintes aspectos:

- Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
- Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
- Adecuación da secuenciación dos criterios para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
- Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
- Asignación a cada criterio do peso correspondente na cualificación.
- Vinculación de cada criterio a un ou varios instrumentos para a súa avaliación
- Asociación de cada criterio cos elementos transversais a desenvolver.
- Adecuación da secuencia de traballo na aula
- Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
- Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
- Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos criterios.
- Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc
- Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dunha proba de avaliación e dunha avaliación.
- Adecuación das probas de avaliación, tendo en conta o valor de cada criterio.
- Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos criterios.
- Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
- Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
- Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación e instrumentos.
- Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
- Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
- Contribución ao plan de lectura do centro.
- Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15016292	CEIP Plurilingüe Mestre Rodríguez Xixirei	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	4º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	60
4.2. Materiais e recursos didácticos	62
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	63
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	65
6. Medidas de atención á diversidade	67
7.1. Concreción dos elementos transversais	68
7.2. Actividades complementarias	70
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	71
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	72
9. Outros apartados	73

1. Introducción

1. INTRODUCCIÓN

O presente documento desenvolve unha Programación Didáctica (en adiante, PD) para a área de Educación Física (en adiante, EF) en 4º curso de Educación Primaria (en adiante, EP), realizada en base ao Proxecto Curricular do Centro e tendo en conta o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo de EP na comunidade autónoma de Galicia.

A área de EF debe fundamentarse na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida. Ten que dirixirse cara ao coñecemento progresivo da conducta motora e á adquisición de actitudes, valores e normas referentes ao corpo e ao movemento. É por iso, que na UD 2 e 8 se vai a levar a cabo un traballo de hábitos de vida saudables de forma transversal ao longo do curso.

É un área que contribuirá ao logro de diversos fins educativos na Etapa de EP: socialización, autonomía, aprendizaxes básicas e mellora das posibilidades expresivas, cognitivas, comunicativas e lúdicas. Pero a EF non é unha simple aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara á educación total que utiliza dito movemento como axente pedagóxico con diversas funcións.

Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á atención á diversidade. Nesta proposta teranse en conta os diferentes ritmos de maduración, preténdese desenvolver as capacidades e habilidades que melloran e aumentan as posibilidades de movemento do alumnado, a través de patróns motores básicos que constitúen unha sólida base para o futuro. É por iso, que na UD 6 realízase diferentes niveis de saltos. Debe incidirse na coeducación e na igualdade de oportunidades para ambos sexos, como se pode apreciar nos distintos deportes alternativos levados a cabo durante a PD.

Un dos obxectivos principais debe ser fomentar a adquisición dun estilo de vida activo e saudable que lle permita ao alumnado chegar a consolidar hábitos e, posteriormente, perpetualos ao longo da súa vida. Esos hábitos de vida saudable son a clave para evitar o sedentarismo e a obesidade contribuindo a ter calidade de vida. Temos que inculcar ao noso alumnado que a actividade física ten que estar no presente e no futuro do seu día a día. É por iso, que na UD 3 ensínase ao alumnado a correr a ritmo, para fomentar, precisamente, o hábito de actividade física regular.

Para abordar con posibilidades de éxito as numerosas situacións motrices ás que se verá exposto o alumnado ao longo da súa vida, será preciso desenvolver de maneira integral capacidades de carácter cognitivo e motor, pero tamén afectivo-motivacional, de relacións interpersoais e de inserción social. Deste xeito, o alumnado terá que aprender a xestionar as súas emocións e as súas habilidades sociais en contextos de práctica motriz.

O alumnado tamén deberá recoñecer diferentes manifestacións da cultura motriz, como parte relevante do patrimonio cultural, expresivo e artístico, que poden converterse en obxecto de gozo e aprendizaxe. Para iso, será preciso desenvolver a súa identidade persoal e social integrando nela as manifestacións máis comúns da cultura motriz, a través dunha práctica vivenciada e creativa.

O desenvolvemento de actitudes comprometidas co medio ambiente e a súa materialización en comportamentos baseados na conservación e na sustentabilidade asociaranse cunha competencia fundamental para a vida en sociedade que debe comezar a adoptarse nesta etapa.

Esta PD ten en conta 2 principios moi importantes que aportan coherencia ao proceso de programar citados por Viciano (2002), o de xerarquización vertical (ir do xeral ao concreto, ir da normativa ao grupo clase pasando polo centro educativo) e o de xerarquización horizontal (ir do sinxelo ao difícil, do máis simple ao máis complexo), entre outros principios.

CONTEXTUALIZACIÓN:

É importante realizar unha análise do contexto que nos vai a axudar a diagnosticar e poder establecer de forma correcta os obxectivos a conseguir. A análise realízase en base a 3 niveis de concreción curricular tal e como propón Viciano (2002) na súa obra "Planificar en EF", para poder desenvolver a PD con rigor e sentido pedagóxico.

O primeiro nivel de concreción, a normativa que rixe o Sistema Educativo, a nivel nacional e autonómico. En función da lexislación vixente a Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (en adiante, LOMLOE) e o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, a través do movemento, fundamental na nosa área, como se está alcanzando o obxectivo principal, que é o desenvolvemento integral, saudable e competencial do alumnado. É por iso, que se utilizan tarefas que impliquen ao alumnado na súa aprendizaxe, como é a creación dun circuito de habilidades na UD 4. Ademais, na LOMLOE nun dos seus puntos fai alusión á conservación e respecto polo medio natural, tendo en conta entre outras, na UD 13, 14 e 15.

No segundo nivel de concreción, o centro, a continuación presentase a modo de resumo as principais características do centro e da contorna, os documentos institucionais do centro (principais liñas pedagóxicas de actuación) e as características do alumnado a quen vai dirixida a PD, terceiro nivel de concreción.

O centro e a contorna:

- Centro: CEIP Plurilingüe Mestre Rodríguez Xixirei
- Unidades: 3 unidades en EI e 7 unidades en EP
- Curso: 4ºA e 4º B.
- Nº alumnos/as: 25 nenas e nenos. En 4º A hai 12 alumnos/as e en 4º B hai 13 alumnos/as.
- Contorna: o CEIP Mestre Rodríguez Xixirei atópase nunha zona rural (parroquia de Lavacolla), pertencente ao Concello de Santiago de Compostela aínda que recibe alumnado doutras parroquias do Concello e outros concellos limítrofes. As familias son dun nivel socioeconómico e cultural medio. Ademais ten como servizos complementarios: transporte escolar (gratuíto), servizo de comedor e de madrugadores xestionado polo Concello.
- Instalacións: o contexto físico do centro, referido a EF está dividido do seguinte xeito. Contamos cun ximnasio ou pavillón pequeno, unha pista exterior na que está instalada unha portería e outra pista exterior onde hai dúas canastras de baloncesto. E unha zona verde que nos ofrece a contorna que rodea ao centro.
- Xornada escolar: continua (09:00 a 14:00).

Documentos institucionais do centro:

Atendendo o Decreto 155/2022, os documentos institucionais do centro de EP, son os seguintes:

Do PEC, o cal se destacan as seguintes liñas pedagóxicas:

- Promover un estilo de vida activo e saudable (práctica de actividade física, hixiene corporal e postural, alimentación equilibrada, seguridade...), co obxecto de ter unha mellor calidade de vida presente e futura, por ese motivo, na PD o alumnado realizará diferentes posturas de loga e Pilates durante o segundo trimestre.
- Mellorar a convivencia, é por iso que se establece a rutina educativa de resolución de conflitos menores.
- Fomentar a autonomía, a aprendizaxe cooperativa e o coidado do medio ambiente.

A liña metodolóxica do centro é dun traballo competencial, a aprendizaxe por competencias clave mediante modelos pedagóxicos, onde se utiliza a aprendizaxe cooperativa na UD 7 nos retos cooperativos de lanzamentos.

Características psicoevolutivas do alumnado de 4º curso (2º ciclo) de EP (8-10 anos):

- Ámbito cognitivo: atópase en plena etapa do período das operacións concretas, o que supón que razoan lóxicamente, xa non emiten xuízos intuitivos propios do período anterior. Agora ben, o seu razoamento está vencellado á manipulación dos obxectos aos que este se refire.
- Ámbito motor: teñen cada vez máis relacións co mundo que os rodea. Neste período, mostran unha maior forza e unha gran progresión na coordinación motora.
- Ámbito afectivo-social: nesta idade, ábrese a persoas e costumes diferentes ás súas, na que actúan de modo cada vez máis autónomo, poñéndose eles mesmos os seus fins e organizando as súas accións por sí solos en función dos seus proxectos e obxectivos. Nesta etapa advírtese unha segregación entre sexos, producíndose unha clara diverxencia entre os xogos dos nenos e das nenas. Neste período, o grupo organízase para converterse no verdadeiro centro da vida escolar.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.			2-5		2-5		3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.			1	3	4-5			
OBX3 - Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude emprática e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferenzas etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.	1-5				1-3-5	2-3		
OBX4 - Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá.		3				3		1-2-3-4
OBX5 - Valorar diferentes medios naturais e urbanos como contextos de práctica motriz, interactuando con eles, comprendendo a importancia da súa conservación desde un enfoque sustentable e adoptando medidas de responsabilidade individual durante a práctica de xogos e actividades físico-deportivas, para realizar unha práctica eficiente e respectuosa coa contorna e participar no seu coidado e mellora.			5			2-4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Comeza a aventura!!!	UD destinada á presentación do alumnado e docente, así como tamén para establecer unha serie de rutinas que se seguirán longo	4	3	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Comeza a aventura!!!	de todas as sesións do curso en EF. É importante que se teñan presentes unhas normas básicas, que farán que as clases transcorran con normalidade.	4	3	X		
2	Manteño o meu corpo san... para toda a vida!!!	Nesta UD trataranse aspectos fundamentais que teñen que ver coa saúde, e que serán traballados noutras unidades ao longo do curso, como por exemplo: hidratación, alimentación saudable, hixiene postural e persoal...É un tema moi importante, polo que a súa transversalidade é patente e necesaria para a concienciación do alumnado.	8	3	X		
3	Estou en forma!!!	Esta UD tratará máis aspectos relacionados coa saúde, en especial coas capacidades físicas (a resistencia, a carreira continua), a toma de pulsacións, a respiración (a respirar correctamente) e relaxación (técnicas básicas), contidos moi a ter en conta á hora de realizar calquera tipo de actividade física.	8	6	X		
4	Son coordinado... e cada vez máis!!!	Esta UD está destinada a tratar aspectos como a percepción e estruturación espacio-temporal e a coordinación dinámica xeral moi importantes de cara ao posterior traballo das habilidades motrices básicas ao longo de todo o curso.	8	8	X		
5	Exprésome e doume a coñecer!!!	Esta UD está destinada á toma de contacto por parte de alumnado coa expresión corporal. Aspecto pouco traballado normalmente, pero que axuda en gran medida a exteriorizar ideas, sentimentos, así como tamén a aceptación da súa realidade corporal diante dos demais, desterrando aspectos como a vergoña, introversión e timidez.	5	4	X		
6	Son moi áxil	Esta UD se traballan mediante xogos e circuitos as habilidades motrices básicas de locomoción (desprazamentos, saltos, e xiros).	8	7		X	
7	Teño puntería... e cada vez mellor!!!	Nesta UD empezaranse a tratar as habilidades motrices básicas manipulativas (lanzamentos e recepcións). A adquisición progresiva destas farase mediante xogos e actividades xogadas.	8	7		X	
8	Practico actividades saudables... para corpo e mente!!!	Esta UD servirá como continuación para traballar aspectos relacionados coa saúde no segundo trimestre. Lembrando cousas que xa se interiorizaron nas primeiras unidades, agora estos coñecementos aplicarémolos en diferentes actividades de xeito práctico, para que sexa o propio alumnado o que comprobe os beneficios directos destas prácticas.	6	3		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Volvo a posición base con xogos de cancha dividida	Esta UD servirá para traballar todo tipo de actividades individuais, parellas e en equipo, pero sen ter contacto co adversario. Farase especial fincapé na importancia do traballo de varios para conquistar un obxectivo común. Os xogos serán en espazos cubertos, pero tamén ao aire libre.	8	6		X	
10	Comunícome e exprésome... e quero facelo!!!	Nesta UD preténdese asentar e ampliar contidos referidos á expresión corporal, algúns deles xa traballados no primeiro trimestre. Tentaranse facer actividades e xogos que axuden ao alumnado a explorar distintas maneiras de expresarse ante os demais, aprofundando na linguaxe xestual, para manifestar diversos estados de ánimo.	6	4		X	
11	Desmárcome con xogos de invasión... respectando as normas!!!	Nesta UD, xa no terceiro trimestre, afondarase no xogo como un dos eixos fundamentais da etapa. Traballaranse os xogos en campo común ou de invasión, no que o alumnado asentará as habilidades traballadas en sesións anteriores, así como valores como compañeirismo e responsabilidade individual dentro dun grupo.	8	5			X
12	Danzo e bailo... sen reparo!!!	Esta unidade didáctica, cuxo obxectivo é traballar a expresión corporal, pretende ser unha continuidade das anteriores que se propuxeron nos dous primeiros trimestres de curso. Agora buscarase facer pequenas coreografías, tanto en gran grupo, como en pequeno grupo ou parellas, pero aumentando un pouco a complexidade con respecto ao curso anterior.	5	3			X
13	Aprendo 5 xogos populares	Nesta UD farase unha proposta por parte do docente de diferentes xogos populares de Galicia. O alumnado, nalgún momento, propondrá algún xogo popular, despois dun pequeno traballo de investigación entre os membros da súa familia.	6	4			X
14	Todo o mundo xoga!!!	Esta UD servirá como plataforma para presentar ao alumnado xogos de diferentes partes do mundo. Cada unha das sesións irán destinadas a xogos dalgún continente.	6	4			X
15	Oriéntate na natureza	Esta UD servirá para dar a coñecer ao alumnado outros espazos e situacións de xogo distintos aos que están afeitos a ver nas clases de EF. Na primeira sesión farase xogos de orientación no patio no espazo verde do colexio, e na segunda sesión un circuito de orientación sinxelo na contorna do centro.	6	3			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Comeza a aventura!!!	3

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer os beneficios da actividade física para a saúde en xeral.		
CA1.2 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Aplicar distintas medidas posturais e hixiénicas que xeren hábitos e rutinas saudables.		
CA1.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais e superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Recoñecer o noso corpo e o dos demais, respectando as diferencias individuais.		
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar boa disposición para o exercicio, controlando as emocións.		
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvolver habilidades sociais para a resolución de conflitos que xurdan durante a práctica motriz.	TI	100
CA2.1 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Aplicar distintas medidas posturais e hixiénicas que xeren hábitos e rutinas saudables.		
CA2.6 - Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respetar as normas e regras de todos os xogos, actuando con deportividade.		
CA3.5 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Desenvolver actividades en distintos contextos, conservando e coidando o medio no que se producen.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, controlando a impulsividade e as emocións negativas que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar boa disposición para o exercicio, controlando as emocións.		
CA4.2 - Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando a achega dos participantes.	Respetar as normas e regras de todos os xogos, actuando con deportividade.		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvolver habilidades sociais para a resolución de conflitos que xurdan durante a práctica motriz.		
CA5.2 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvolver habilidades sociais para a resolución de conflitos que xurdan durante a práctica motriz.		
CA6.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer os beneficios da actividade física para a saúde en xeral.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos e psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Características dos alimentos naturais, procesados e ultraprocesados. - Hidratación na práctica da actividade física. - Educación postural en accións motrices habituais. - Factores básicos que inciden no coidado do corpo. - Saúde social: - A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas. - Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas. - Saúde mental: - Beneficios a nivel psicolóxico dun estilo de vida activo.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Respecto e aceptación do propio corpo. - Autoconecemento e identificación de fortalezas e debilidades ou posibilidades e limitacións en todos os ámbitos (social, físico e mental). - Elección da práctica física: usos e finalidades catárticos, lúdico-recreativos e cooperativos. Respecto ás eleccións dos demais. - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: mecanismos de prevención e control corporal para a prevención de lesións. - Toma de decisións: - Distribución racional do esforzo en situacións motrices individuais. - Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas, en situacións motrices (discriminación por cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que levan consigo. - Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas simples. - Prevención e sensibilización sobre a xeración de residuos, fomentando a construción e a reutilización de materiais para a práctica motriz.

UD	Título da UD	Duración
2	Manteño o meu corpo san... para toda a vida!!!	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer os beneficios da actividade física para a saúde en xeral.	TI	100
CA1.2 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Aplicar distintas medidas posturais e hixiénicas que xeren hábitos e rutinas saudables.		
CA1.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais e superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Recoñecer o noso corpo e o dos demais, respectando as diferencias inidividuais.		
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar boa disposición para o exercicio, controlando as emocións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvolver habilidades sociais para a resolución de conflitos que xurdan durante a práctica motriz.		
CA2.1 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Aplicar distintas medidas posturais e hixiénicas que xeren hábitos e rutinas saudables.		
CA2.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e mantemento do material, así como dos espazos e instalacións, no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Tomar medidas de prevención de lesións e coidar e conservar o material utilizado.		
CA2.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais e superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Recoñecer o noso corpo e o dos demais, respectando as diferencias individuais.		
CA2.4 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Levar a cabo proxectos motores, usando estratexias para analizar os resultados.		
CA2.6 - Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respetar as normas e regras de todos os xogos, actuando con deportividade.		
CA3.1 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Levar a cabo proxectos motores, usando estratexias para analizar os resultados.		
CA3.2 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición, en contextos simulados de actuación.	Adoitar decisións en diferentes contextos lúdicos, tendo en conta as distintas situacións que se poden xerar, tanto a nivel individual como grupal.		
CA3.5 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Desenvolver actividades en distintos contextos, conservando e coidando o medio no que se producen.		
CA4.1 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, controlando a impulsividade e as emocións negativas que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar boa disposición para o exercicio, controlando as emocións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando a achega dos participantes.	Respetar as normas e regras de todos os xogos, actuando con deportividade.		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvolver habilidades sociais para a resolución de conflitos que xurdan durante a práctica motriz.		
CA5.2 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvolver habilidades sociais para a resolución de conflitos que xurdan durante a práctica motriz.		
CA6.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer os beneficios da actividade física para a saúde en xeral.		
CA6.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e co mantemento do material no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Tomar medidas de prevención de lesións e coidar e conservar o material utilizado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos e psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Características dos alimentos naturais, procesados e ultraprocesados. - Hidratación na práctica da actividade física. - Educación postural en accións motrices habituais. - Factores básicos que inciden no coidado do corpo. - Saúde social: - A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas. - Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas. - Saúde mental:

Contidos

- Beneficios a nivel psicolóxico dun estilo de vida activo.
- Respecto e aceptación do propio corpo.
- Autocoñecemento e identificación de fortalezas e debilidades ou posibilidades e limitacións en todos os ámbitos (social, físico e mental).
- Elección da práctica física: usos e finalidades catárticos, lúdico-recreativos e cooperativos. Respecto ás eleccións dos demais.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: mecanismos de prevención e control corporal para a prevención de lesións.
- Esquema corporal.
- Conciencia e control do ritmo respiratorio en diferentes actividades. Conciencia dos diferentes tipos de respiración.
- Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas, en situacións motrices (discriminación por cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que levan consigo.
- Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas simples.
- Prevención e sensibilización sobre a xeración de residuos, fomentando a construción e a reutilización de materiais para a práctica motriz.

UD	Título da UD	Duración
3	Estou en forma!!!	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer os beneficios da actividade física para a saúde en xeral.	TI	100
CA1.2 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Aplicar distintas medidas posturais e hixiénicas que xeren hábitos e rutinas saudables.		
CA1.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais e superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Recoñecer o noso corpo e o dos demais, respectando as diferencias inidividuais.		
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar boa disposición para o exercicio, controlando as emocións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvolver habilidades sociais para a resolución de conflitos que xurdan durante a práctica motriz.		
CA2.1 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Aplicar distintas medidas posturais e hixiénicas que xeren hábitos e rutinas saudables.		
CA2.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e mantemento do material, así como dos espazos e instalacións, no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Tomar medidas de prevención de lesións e coidar e conservar o material utilizado.		
CA2.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais e superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Recoñecer o noso corpo e o dos demais, respectando as diferencias individuais.		
CA2.4 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Levar a cabo proxectos motores, usando estratexias para analizar os resultados.		
CA2.6 - Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respetar as normas e regras de todos os xogos, actuando con deportividade.		
CA2.7 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvolver habilidades sociais para a resolución de conflitos que xurdan durante a práctica motriz.		
CA3.1 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Levar a cabo proxectos motores, usando estratexias para analizar os resultados.		
CA3.2 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición, en contextos simulados de actuación.	Adoitar decisións en diferentes contextos lúdicos, tendo en conta as distintas situacións que se poden xerar, tanto a nivel individual como grupal.		
CA3.5 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Desenvolver actividades en distintos contextos, conservando e coidando o medio no que se producen.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, controlando a impulsividade e as emocións negativas que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar boa disposición para o exercicio, controlando as emocións.		
CA4.2 - Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando a achega dos participantes.	Respetar as normas e regras de todos os xogos, actuando con deportividade.		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvolver habilidades sociais para a resolución de conflitos que xurdan durante a práctica motriz.		
CA5.2 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvolver habilidades sociais para a resolución de conflitos que xurdan durante a práctica motriz.		
CA6.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer os beneficios da actividade física para a saúde en xeral.		
CA6.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e co mantemento do material no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Tomar medidas de prevención de lesións e coidar e conservar o material utilizado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos e psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Características dos alimentos naturais, procesados e ultraprocesados. - Hidratación na práctica da actividade física. - Educación postural en accións motrices habituais. - Factores básicos que inciden no coidado do corpo. - Saúde social: - A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas.

Contidos

- Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas.
- Saúde mental:
- Beneficios a nivel psicolóxico dun estilo de vida activo.
- Respecto e aceptación do propio corpo.
- Autoconecemento e identificación de fortalezas e debilidades ou posibilidades e limitacións en todos os ámbitos (social, físico e mental).
- Elección da práctica física: usos e finalidades catárticos, lúdico-recreativos e cooperativos. Respecto ás eleccións dos demais.
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo - Estratexias de cálculo e reconto sistemático, adaptación do cálculo ao tamaño dos números, representación en situacións variadas e cotiás con cantidades ata o 99 999 con explicación, comparación e reflexión sobre as estratexias e os procesos seguidos. - Realización de series ascendentes e descendentes de números de forma manipulativa, simbólica e tecnolóxica (calculadora) como elemento facilitador do cálculo mental, interpretación da relación existente entre os diversos números e valoración do erro como unha oportunidade de aprendizaxe. - Cantidade - Identificación, lectura e escritura de números naturais ata o 99 999 en textos e contextos familiares e habituais. - Composición, descomposición e recomposición manipulativa, gráfica e simbólica de números naturais ata o 99 999 investigando propiedades e relacións, explicación do proceso e interpretación do valor posicional das cifras (unidades, decenas, centenas e milleiros). - Estimación razoada de cantidades ata o 99 999 e redondeo en problemas cotiás con estratexias diversificadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora. - Sentido das operacións - Estratexias de cálculo mental para resolver operacións de suma, resta, multiplicación e división en situacións habituais e significativas, explicación das estratexias e dos procesos seguidos, aceptación dos erros como unha oportunidade de aprendizaxe e como recurso para evitar a frustración. - Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas, restas, multiplicacións e divisións e o seu uso con flexibilidade e sentido, seguindo os procesos adecuados. - Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, simbolización, elaboración e expresión da solución, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos, expresión de forma ordenada e nas unidades correctas con explicitación do proceso seguido. - Resolución de operacións combinadas en problemas contextualizados con atención á súa xerarquía, aplicación das súas propiedades, as estratexias persoais e os procedementos máis adecuados segundo a natureza do cálculo: mental, estimacións, algoritmos ou calculadora. - Estratexias e ferramentas de resolución de sumas, restas, multiplicacións e divisións de números naturais resoltas con flexibilidade e sentido en situacións contextualizadas: propiedades das operacións. - Formulación de problemas que se resolvan con sumas (como incremento), restas (como diminución, comparación e complemento), multiplicacións (como suma abreviada, repetición e operador multiplicativo) ou divisións (como repartición ou agrupación) baseados en situacións familiares e cotiás que permitan establecer conexións con experiencias propias. - Uso de calculadora como recurso para verificar os resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso.

Contidos

- Relacións
- Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números ata o 99 999 e as súas equivalencias, aplicación nas relacións que xera nas operacións.
- Estratexias manipulativas e gráficas para establecer relacións entre a suma e a resta, a suma e a multiplicación, a división e a resta, a multiplicación e a división: aplicación en contextos cotiáns.
- Educación financeira
- Identificación do valor e das equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea, con emprego desas equivalencias para resolver problemas de compra-venda en situacións reais e simuladas.
- Identificación e experimentación na vida cotiá de situacións que requiran administración do diñeiro (ingresos e gastos), fomento do aforro e do consumo responsable en contextos de xogo.
- Estimación e cálculo do gasto para realizar e das moedas e billetes necesarios para pagar, así como do cambio, en problemas da vida cotiá, contraste das estimacións e rectificación en función deses contrastes.
- Formulación e resolución de problemas, de maneira individual e en equipo, nos que sexa necesario o uso de moedas e billetes relacionados co sistema monetario europeo: orzamentos sinxelos, situacións de compra e venda, planificación de aforro necesario, con verificación do resultado e da necesidade de rectificar en función do erro.
- Magnitude
- Recoñecemento e explicación de características mensurables dos elementos do medio (lonxitude, superficie, masa, capacidade, temperatura, tempos e amplitude de ángulos) mediante a observación da realidade próxima.
- Recoñecemento de unidades non convencionais e convencionais (km, m, cm, mm; kg, g; l, cl, ml e graos centígrados) para a realización de medicións adecuadas en situacións cotiáns que permitan calcular itinerarios, construír figuras planas, confrontar capacidades e calcular intervalos de temperatura.
- Recoñecemento, ordenación, clasificación e uso das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día, hora e minuto) en situacións habituais e da contorna, determinación da duración dos períodos de tempo e a medida máis adecuada en cada situación.
- Lectura e escritura da hora en reloxos analóxicos e dixitais de forma contextualizada para planificar, regular, coñecer a duración, inicio ou finalización dun suceso, calcular intervalos, facer horarios.
- Medición.
- Resolución de problemas, de forma individual e en equipo, que impliquen a realización de medicións convencionais e non convencionais no contexto escolar: selección do instrumento adecuado, elección das unidades máis apropiadas ao contexto e tamaño, demostrando coñecemento das equivalencias entre medidas, medición con precisión, contraste dos resultados, expresión correcta das unidades, con control e expresión verbal e gráfica do proceso seguido.
- Estimación e relacións
- Estratexias de comparación e ordenación de medidas da mesma magnitude (km, m, cm, mm; kg, g; l e ml, mes, semana, día, hora, minuto e segundo): aplicación de equivalencias entre unidades na resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a conversión en unidades máis pequenas.
- Estratexias de estimación de medidas (de lonxitude, masa, capacidade, tempo e temperatura) por comparación con unidades de medida coñecidas convencionais e non convencionais en contextos habituais, con contraste dos resultados e análises da desviación como parte do proceso de aprendizaxe.
- Relación entre as medidas de tempo en reloxos analóxicos e dixitais.
- Utilización das medidas de tempo (minutos e segundos) na planificación do traballo, no relato de experiencias persoais e na xestión de emocións: tempo de espera, tempo de calma, quendas de intervención.
- Padróns
- Estratexias para a identificación, descrición verbal, representación, predición razoada e creación de termos a partir das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes con anticipación ou extensión da secuencia.

Contidos

- Modelo matemático
- Resolución de problemas da vida cotiá seguindo un proceso pautado de modelización con debuxos, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións, guión de preguntas para a interpretación do enunciado, recoñecemento de datos útiles, elaboración e contraste de hipótese, procura do plan de acción, perseveranza na solución, simbolización e realización dos cálculos, comprobación de solucións, expresión clara e correcta do resultado, revisión da súa idoneidade, rectificación se é necesaria e explicación do realizado.
- Relacións e funcións
- Comparación entre expresións que inclúan obxectos, números, operacións e as súas propiedades con explicación das relacións de igualdade e desigualdade no contexto cotián e uso adecuado da simboloxía ($=$, $?$, $>$,
- Obtención de datos sinxelos descoñecidos (representados por medio dun símbolo) ou compleción de datos en relacións de igualdade en xogos e retos matemáticos, con persistencia na obtención, contraste e comprobación de que o dato obtido é correcto.
- Pensamento computacional
- Estratexias para a interpretación, modificación e representación de algoritmos sinxelos relacionados co contexto cotián e o xogo en regras de xogos, instrucións secuenciais, bucles, patróns repetitivos, programación por bloques, robótica educativa.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Recoñecemento das emocións que poidan facilitar ou prexudicar a aprendizaxe das matemáticas e regulación destas segundo conveña.
- Recursos e estratexias para regular ou tolerar a frustración ante tarefas matemáticas: recoñecemento das emocións implicadas e a súa expresión, relaxación para rebaixar a intensidade desas emocións, fixación de metas e obxectivos realistas e conseguibles, autocontrol e adestramento positivo.
- Desenvolvemento da autonomía e aplicación de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, resolvendo retos, estimulando o razoamento e reforzando os logros.
- Realización de investigacións matemáticas individuais e en equipo como estratexia para fomentar a curiosidade, o interese e a iniciativa na súa aprendizaxe.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Os enigmas, adiviñas, procura de pistas, xeroglíficos, codificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.
- Presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar, rectificar o proceso ou algunha das súas fases e compartir o realizado.
- Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade
- Uso de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo con comprensión das emocións e experiencias das demais persoas, sensibilidade e respecto polas diferenzas.
- Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa, responsabilidade e esixibilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.
- Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas, o establecemento de obxectivos de equipo, a repartición equitativa e rotatorio de roles en interacción simultánea e a avaliación do funcionamento do equipo.
- Valoración da contribución das matemáticas aos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.
- Recoñecemento das contribucións de matemáticas e matemáticos a diversos ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A aprendizaxe das matemáticas estará baseada nos seguintes procesos: manipulación, representación e abstracción. Aínda que tamén serán traballados outros contidos, terán especial relevancia os seguintes:

- Resolución de problemas matemáticos.
- Operacións matemáticas básicas (suma, resta, multiplicación e división) e cálculo mental.
- Numeración.

Mesturase o traballo individual, co traballo en pequenos grupos ou parellas, e tamén co traballo en gran grupo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material de refugallo: caderno, lapis...
Material manipulativo convencional: tangram, policubos, regletas, base dez, bloques lóxicos, pezas de construción, corpos xeométricos, contas de madeira...
Material manipulativo non convencional: tapóns, pedras, paos, follas...
Recursos tecnolóxicos e dixitais: calculadora, robot...
Material de medidas convencionais: balanzas, básculas, pesas, metros, cintas métricas, recipientes de capacidade, reloxos analóxicos, dixitais e de área.
Material de debuxo: regra, escuadra, cartabón e compás
Cartos: moedas e billetes.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezar o curso realizarase unha avaliación inicial da materia, mediante a cal se acadará o punto de partida de cada alumno/a.

Nesta avaliarase os contidos do ano pasado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	20	60	100
Proba escrita	92	93	93	93
Táboa de indicadores	8	7	7	7

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación da área, a través dos cales obteremos a cualificación de cada unidade e trimestre, serán os seguintes:

- 60% Aprendizaxes adquiridas (probos obxectivas).
- 40% Traballo diario (observación directa e sistemática).

Por outra banda, o peso de cada avaliación na construción da cualificación final da materia será o seguinte:

- 20% 1ª Avaliación.
- 20% 2ª Avaliación.
- 60% 3ª Avaliación.

En función destes criterios estableceremos as cualificacións trimestrais e final da área, que se expresará nos termos de Insuficiente (1, 2, 3 ou 4), Suficiente (5), Ben (6), Notable (7 ou 8), Sobresaliente (9 ou 10).

Por último, os mínimos esixibles para superar a asignatura serán os seguintes:

- Ler, escribir, representar, descompoñer e ordenar números ata o 99.999.
- Operacións básicas do nivel afianzadas: suma, resta, multiplicación e división.
- Resolución de problemas matemáticos de varias operacións, coas operacións anteriores.
- Realización das tarefas con autonomía.

Criterios de recuperación:

Debido a que se trata dun currículo competencial, e tendo en conta que os obxectivos de área se traballan en todas as avaliacións parciais, a recuperación integrarase na avaliación seguinte. Os instrumentos de avaliación empregados para avaliar os obxectivos de área a través dos criterios de avaliación suporán o emprego de contidos traballados nas avaliacións previas.

Así mesmo, para obter cualificación positiva da materia, terase en conta a consecución dos mínimos esixibles para superar a asignatura, por parte do alumno/a.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas con carácter curricular son o reforzo educativo e as adaptacións curriculares que se levan a cabo con algúns/algúns estudantes.

O reforzo educativo realízase dentro da aula ordinaria polo mestre/a titor/a e, noutras ocasións, pola mestra especialista en pedagogía terapéutica dentro da medida das súas posibilidades ou pola mestra ou mestre de apoio.

Reciben este tipo de reforzo aqueles/as alumnos/as que coa modificación de elementos non prescritivos do currículo, é dicir, a secuencia de contidos, as formas e instrumentos de avaliación, a organización da aula, os agrupamentos dos alumnos/as e todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía, poden seguir o proceso ordinario de ensino/aprendizaxe, fundamentalmente nas áreas de alto contido instrumental como é o caso da lingua galega.

Por outra banda, a adaptación curricular (medida extraordinaria) refírese ás modificacións dun ou máis elementos prescritivos do currículo, como son obxectivos, contidos e criterios de avaliación, para atender ás necesidades educativas dun alumno/a motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal coma polas súas capacidades excepcionais.

O referente de toda adaptación curricular son os obxectivos xerais da etapa, concretados no proxecto curricular do centro para cada curso. Os obxectivos poden pertencer, se é o caso, a outro curso ou etapa distinto do que cursa o alumno/a obxecto de adaptación curricular.

Os nenos/as con adaptacións curriculares reciben apoio por parte da mestra de pedagogía terapéutica e, se é o caso, por parte da mestra de audición el linguaxe.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X
ET.4 - Fomento da creatividade	X	X	X
ET.5 - Espírito científico	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Educación viaria	Actividade sobre educación viaria acompañados da Policía Local de Santiago.	X		
Teatro	Asistimos ao teatro, para ver unha obra teatral.		X	
Remata o curso	Saída de fin de curso.			X

Observacións:

As actividades complementarias estarán relacionadas cos contidos das áreas curriculares, cos elementos transversais, cos proxectos desenvolvidos no centro ou coas conmemoracións e festas celebradas. A súa realización será flexible e irase concretando ao longo dos trimestres.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
1.Motivación do alumnado.
2. Presentación axeitada e motivadora dos conceptos.
3. Actividades variadas na aula.
4. Recursos variados para a presentación de contidos.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
5. Organización da aula, cunha boa organización do tempo.
7. Clima de traballo favorecedor para fomentar o traballo cooperativo.
10. Medidas organizativas axeitadas para atender ao alumnado.
11. Uso de distintos instrumentos de avaliación.
Medidas de atención á diversidade
8. Seguimento do proceso de enseñanza-aprendizaxe.
9. Atención a diversidade con medidas organizativas.
Clima de traballo na aula
6. Instrucións e orientación ao traballo do alumnado.

Descrición:

Trimestralmente farase un seguimento do desenvolvemento da programación na propia aplicación PROENS, previa reunión do profesorado do nivel na reunión de ciclo. A programación debe ser flexible, permitíndonos corrixir e modificar aqueles aspectos que non resultasen idóneos na posta en práctica.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Trimestralmente farase un seguimento do desenvolvemento da programación na propia aplicación PROENS, previa reunión do profesorado do nivel na reunión de ciclo. A programación debe ser flexible, permitíndonos corrixir e modificar aqueles aspectos que non resultasen idóneos na posta en práctica.

Poderemos analizar os seguintes aspectos:

- Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
- Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
- Adecuación da secuenciación dos criterios para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
- Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
- Asignación a cada criterio do peso correspondente na cualificación.
- Vinculación de cada criterio a un ou varios instrumentos para a súa avaliación
- Asociación de cada criterio cos elementos transversais a desenvolver.
- Adecuación da secuencia de traballo na aula
- Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
- Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
- Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos criterios.
- Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc
- Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dunha proba de avaliación e dunha avaliación.
- Adecuación das probas de avaliación, tendo en conta o valor de cada criterio.
- Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos criterios.
- Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
- Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
- Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación e instrumentos.
- Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
- Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
- Contribución ao plan de lectura do centro.
- Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15016292	CEIP Plurilingüe Mestre Rodríguez Xixirei	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	4º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	32
4.2. Materiais e recursos didácticos	33
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	33
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	34
6. Medidas de atención á diversidade	35
7.1. Concreción dos elementos transversais	35
7.2. Actividades complementarias	35
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	36
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	37
9. Outros apartados	38

1. Introducción

A presente PD (Programación Didáctica) está enmarcada no "Decreto 155/2022 do 15 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia" e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos neste recollidos.

Nese senso, neste apartado esta programación remítese en primeira instancia ao reflectido na propia Introducción do Decreto na área e materia de Música e Danza, a cal, como se pode comprobar organizábase arredor de dous eixes respectivamente:

- percepción e análise
- creación e interpretación

Neste centro, dado o contexto do número de alumnado procedente doutro país, e, en moitas ocasións, de incorporación tardía, tanto nun eixe coma no outro farase especial fincapé no traballo das diferentes manifestacións artísticas musicais e da danza do mundo como fonte de variedade e riqueza cultural, artística e social, con especial relevancia daquela procedente do país do alumnado inmigrante, de sorte que esta materia exerza de axente solidario e cohesionador social.

Ademais da transversalidade que caracteriza esta materia para todas e cada unha das áreas desta etapa.

Cada unha das 7 UD (Unidades Didácticas) que conforman esta PD está concibida para inculcarlle o alumnado a importancia de que o relevante non é o bonito ou feo que sexa o traballo realizado ou o seu valor artístico, senón que este sexa quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación musical ou da danza debe ser potenciada. Daremos especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a música e o corpo como outros medios de expresión e comunicación.

Esta PD está planificada de xeito que 7 das UD teñen unha temporalización de carácter trimestral.

Ao mesmo tempo, coa finalización deste 4º nivel remata tamén o 2º ciclo de primaria, algo contemplado nesta PD. Así pois, búscase que o alumnado continúe o afianzamento dos contidos traballados no curso anterior, especialmente no 1º trimestre, por un lado, e que experimente unha progresión destes e comece a adquisición doutros novos, polo outro. Ademais, o remate deste ciclo procura neste centro que o alumnado teña mellorado na súa autonomía, especialmente nas súas producións artísticas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Onde lle puxo a man?	Canción: " Onde lle puxo a man?A duración das figuras musicais e dos silencios. A altura dos sons. Ritmos musicais: os compases simples.As familias musicais. A música tradicional: os instrumentos. A música tradicional: as agrupacións. Baile: "Danza dos sete saltos". Audición:"La kermés de las Vistillas"	15	5	X		
2	Chipi chipi chipi.	Canción: "Chipi,chipi,chipi" Os signos de prolongación. O compás de dous por catro. Os signos de repetición. A voz como instrumento. As agrupacións vogais. Os instrumentos de lámina.Audición: "O crebanoces".	15	5	X		
3	Vinde galeguiños vinde.	Canción:" Vinde galeguiños vinde". O compás de tres por catro. A anacruse. A música folk: os instrumentos. A música folk: as agrupacións. Danza: a muiñeira. Ritmograma"Schón Rosmarin"	14	5	X		
4	Canta a galiña.	Canción:"Canta a galiña". Traballamos co ritmo. A velocidade na música. O matiz.	14	5		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Canta a galiña.	Cantamos e bailamos:" Unha vella tiña un can". Creación musical: recursos TIC. Audición:"O inverno"	14	5		X	
5	Seguindo ao lider.	Canción:"Seguindo ao lider". As semicorcheas. Cancións para xogar. A música e os espectáculos. A música e o teatro. Música moderna:o blues. Audición: "El fuego fatuo".	14	5		X	
6	Bingo.	Canción:"Bingo". O compás cuaternario. Os instrumentos de teclado. Música e danza noutras culturas. Audición:"Irish Jig". Os instrumentos electrófonos.Música moderna: a música disco.A danza na zarzuela. Audición:"Os toreadores".	14	5			X
7	O galo ten un bico.	Canción:"O galo ten un bico". Compoñemos unha melodía. Ritmograma activo:"I need you". Audición:"Xogo de nenos".	14	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Onde lle puxo a man?	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identifica visualmente e representa: branca, negra (con puntiño e silencios), dobre corchea; barras divisoria, final e repetición; clave sol, comp. 2/4 e 3/4 (discriminándoos polo acento do pulso).	PE	6
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre propostas musicais que fan alusión e/ou están inspiradas en elementos do título desta UD e elabora un listado con estas, engadindo a persoa compositora e o xénero e/ou o estilo, entre outros.	TI	94
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas musicais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describe características elementais de manifestacións culturais e artísticas musicais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas.		
CA1.4 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Selecciona e aplica estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identifica os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Propón e reproduce rítmicamente co corpo fórmulas de pregunta-resposta de 4 pulsos.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas musicais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Interpreta cancións sinxelas coa frauta coas notas RE MI FA SOL LA SI DÓ RÉ .		
CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Interpreta combinacións rítmicas de 10 pulsos, con grafías non convencionais, de sons: fortes e pianos, outras de longos e curtos; outras de agudos e graves e outras de cresc. e dim.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa.		
CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa e utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.	Participa no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa e utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte as experiencias creativas musicais.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Recoñece e discrimina a diferenza entre a música tradicional e outro tipo de música.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describe instrumentos da música tradicional e as súas agrupacións.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Busca información sobre os diferentes instrumentos tradicionais e familia a que pertencen.		
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identifica os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas (muiñeira e xota).		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Baila en grupo a "Danza dos sete saltos".		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas básicas e experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas básicas e experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, traballando de forma cooperativa.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.	Participa no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas escénicas e performativas, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte as experiencias creativas escénicas e performativas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical. - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas, a través de grafas convencionais e non convencionais. - A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición básica dos máis característicos. - O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico de uso común en música. - Recursos dixitais de uso común para música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. - Construción elemental guiada de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras. - Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical. - Aplicacións informáticas básicas de gravación e edición de audio: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación e reprodución de obras diversas. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa. - Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas escénicas e performativas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas.

Contidos

- Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.
- Principais profesións vinculadas ás artes escénicas.
- Elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expres
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
2	Chipi chipi chipi.	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identifica nunha partitura os signos de prolongación, o compás de dous por catro, e os signos de repetición.	PE	6
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre propostas musicais que fan alusión e/ou están inspiradas en elementos do título desta UD e elabora un listado con estas, engadindo a persoa compositora e o xénero e/ou o estilo, entre outros.	TI	94
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas musicais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describe os diferentes tipos de voz e as súas agrupacións vogais.		
CA1.4 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Selecciona e aplica estratexias básicas para a procura guiada de información sobre famosos tenoros e sopranos españois.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identifica os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Interpreta cancións sinxelas coa frauta coas notas RE MI FA SOL LA SI DÓ RÉ.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas musicais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas musicais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.		
CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Le e interpreta liñas rítmicas de ata 4 compases de 2/4 e 3 compases de 3/4 (figuras: branca con puntiño, branca, negra -e os seus silencios- e dobre corchea).		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa.		
CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa e utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.	Participa no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa e utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte as experiencias creativas musicais.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Asocia diferentes movementos da expresión corporal a emocións ou aos elementos representados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describe características elementais da forma musical da audición "O crebanoces".		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Selecciona e aplica estratexias básicas para a procura guiada de información de forma colaborativa sobre Tchaikovsky.		
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identifica a forma musical do "Crebanoces".		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Grupalmente, e sen música, produce unha pequena secuencia corporal de movementos e/ou pasos que represente emocións ou outros elementos para seren adiviñados polo resto.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas básicas e experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa sentimentos e emocións a través do que lle suxire as diferentes partes da música do "Crebanoces" de Tchaikovsky.		
CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autoconecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.	Identifica as súas emocións sentimentos e vivencias nos textos que lemos na aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A centralidade da persoa na mensaxe cristiá. - Toma de conciencia da experiencia persoal e do modo de relacionarnos cos demais e con Deus. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Antigo e Novo Testamento. - Xesús anuncia o Reino de Deus: fraternidade e misericordia. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O coidado da contorna natural e social como casa común. - Hábitos e actividades para o logro dos obxectivos de desenvolvemento sostible á luz da ética cristiá. - Actitudes de respecto e inclusión para crear contornas de convivencia intercultural.

UD	Título da UD	Duración
3	Unha boa noticia para o mundo	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Adquirir destrezas e habilidades sociais que potencien a súa inclusión no grupo e contornas culturais próximos, a través da lectura de pasaxes bíblicas do Novo Testamento e a análise de comportamentos de coidado, responsabilidade, solidariedade e perdón.	É quen de recoñecer o Nadal como un tempo para celebrar e compartir cos demais a nosa alegría, o noso tempo e as nosas cousas.	TI	100
CA1.7 - Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular, recoñecendo a súa beleza e o seu significado relixioso e a súa vinculación con textos bíblicos, valorando a súa achega á identidade cultural.	Asocia o compartir amor, paz, alegría e as nosas cousas materiais co verdadeiro sentido da celebración do Nadal.		
CA1.8 - Observar nas celebracións litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndoos en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa.	É quen de lembrar o nacemento de Xesús, o Salvador prometido por Deus, e como os pastores reciben o anuncio dese nacemento. (
CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autoconecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.	Comprende que o Salvador nace nun mundo inxusto e desigual entre os pobres e humildes, e son os primeiros en recibir a gran nova de Deus.		
CA1.12 - Valorar a Igrexa como comunidade que continuou coa misión de Xesús resucitado, desde as primeiras comunidades cristiás ata a actualidade, recoñecendo as súas celebracións, tradicións e contribucións sociais.	É quen de recoñecer que a Igrexa promove o Nadal para que o celebren todas as persoas a través da oración, a solidariedade e a axuda aos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Técnicas de mediación para a resolución pacífica de conflitos á luz do Evanxeo. - As relacións cos outros como oportunidade de autoconecemento e crecemento persoal. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Transmisión do sentimento relixioso a través da música e as artes. - A importancia da alianza de Deus co pobo de Israel. - María, Nai da Igrexa. - Tipos de oración: características e diferenzas. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - A proposta moral cristiá para a vida en sociedade. - Hábitos e actividades para o logro dos obxectivos de desenvolvemento sostible á luz da ética cristiá. - Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor. - Unha mirada cristiá á realidade: a toma de conciencia das situacións sociais inxustas.

UD	Título da UD	Duración
4	O mundo de Xesús e o mundo que El quería	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Adquirir destrezas e habilidades sociais que potencien a súa inclusión no grupo e contornas culturais próximos, a través da lectura de pasaxes bíblicas do Novo Testamento e a análise de comportamentos de coidado, responsabilidade, solidariedade e perdón.	Descubre que Xesús é o mellor exemplo para vivir segundo a lei de Deus e ser feliz.	TI	100
CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta.	Comprende que, para os cristiáns, o amor é a lei fundamental de Deus pola que Xesús permanece e debe dirixir as nosas vidas.		
CA1.5 - Colaborar e promover cos demais a análise de situacións que prexudican ou melloran a convivencia e a posta en marcha de accións responsables que favorezan a construción dun mundo máis equitativo e inclusivo.	Ser consciente de que podemos ser felices a pesar da existencia de situacións que nos impiden ser totalmente felices.		
CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas.	Toma conciencia de que vivimos nunha sociedade chea de contrastes onde non todas as persoas viven iguais e gozan dos mesmos servizos e dereitos.		
CA1.9 - Recoñecer e valorar o encontro cos demais como oportunidade para o desenvolvemento da propia interioridade, tendo como referencia os encontros de Xesús de Nazaret.	Descubre que Xesús é o mellor exemplo para vivir segundo a lei de Deus e ser feliz.		
CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autoconecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.	Identifica as súas emocións sentimentos e vivencias nos textos que lemos na aula.		
CA1.11 - Comprender a importancia da alianza de Deus co pobo de Israel que ten a súa continuación en Xesucristo, e as súas achegas sociais e culturais na historia.	Saiba que Xesús trae a boa nova do amor de Deus aos que se sentían esquecidos porque eran pobres, pecadores e desprezados.		
CA1.12 - Valorar a Igrexa como comunidade que continuou coa misión de Xesús resucitado, desde as primeiras comunidades cristiás ata a actualidade, recoñecendo as súas celebracións, tradicións e contribucións sociais.	Saiba que a Igrexa é a encargada de seguir ca misión de Xesús.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.
- A centralidade da persoa na mensaxe cristiá.

Contidos

- A dignidade do ser humano.
- Relatos bíblicos de vocación e misión.
- A importancia da familia e a comunidade como fonte de felicidade.
- Técnicas de mediación para a resolución pacífica de conflitos á luz do Evanxeo.
- As relacións cos outros como oportunidade de autocoñecemento e crecemento persoal.
- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- A importancia da alianza de Deus co pobo de Israel.
- A relación de Xesús coas persoas do seu tempo.
- Xesús anuncia o Reino de Deus: fraternidade e misericordia.
- Relatos bíblicos que describen a vida de Xesús de Nazaret cos Apóstolos e as primeiras comunidades cristiás.
- Aprecio da importancia de vivir a fe en comunidade para a persoa crente.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- O coidado da contorna natural e social como casa común.
- A proposta moral cristiá para a vida en sociedade.
- Hábitos e actividades para o logro dos obxectivos de desenvolvemento sostible á luz da ética cristiá.
- Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor.
- Unha mirada cristiá á realidade: a toma de conciencia das situacións sociais inxustas.
- Proxectos de servizo e solidariedade promovidos pola Igrexa.
- Actitudes de respecto e inclusión para crear contornas de convivencia intercultural.

UD	Título da UD	Duración
5	Por amor ó mundo	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas.	É quen de descubrir que Xesús é o mellor exemplo para vivir segundo a lei de Deus e ser feliz.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular, recoñecendo a súa beleza e o seu significado relixioso e a súa vinculación con textos bíblicos, valorando a súa achega á identidade cultural.	Identifica e coñece as celebracións propias da Semana Santa. Procesiós.		
CA1.8 - Observar nas celebracións litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndoos en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa.	Identificar a Semana Santa como unha data moi importante e especial para os cristiáns onde lembramos e celebramos a paixón, morte e resurrección de Xesús.		
CA1.9 - Recoñecer e valorar o encontro cos demais como oportunidade para o desenvolvemento da propia interioridade, tendo como referencia os encontros de Xesús de Nazaret.	Identifica que a morte de Xesús foi a consecuencia de toda a súa vida de amor aos demais e de fidelidade aos plans de Deus.		
CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autoconecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.	Identifica a Xesús como o mellor exemplo para vivir segundo a lei de Deus e ser feliz.		
CA1.12 - Valorar a Igrexa como comunidade que continuou coa misión de Xesús resucitado, desde as primeiras comunidades cristiás ata a actualidade, recoñecendo as súas celebracións, tradicións e contribucións sociais.	Entender que a resurrección demostra que o amor sempre gaña e que a morte non é o final da vida.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A dignidade do ser humano. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos. - A relación de Xesús coas persoas do seu tempo. - Xesús anuncia o Reino de Deus: fraternidade e misericordia. - A importancia do perdón para a construción de relacións sociais sólidas, solidarias e fraternas. O sacramento da reconciliación. - Obras artísticas que representan momentos da tradición bíblica e que son configuradoras da súa identidade cultural. - Valor cultural e artístico do patrimonio da diocese. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Hábitos e actividades para o logro dos obxectivos de desenvolvemento sostible á luz da ética cristiá. - Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor.

UD	Título da UD	Duración
6	Formamos unha gran familia	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e expresar a través de composicións orais, escritas e artísticas os elementos crave da dignidade e a identidade persoal, relacionándoas con diferentes situacións vitais, tendo en conta biografías e relatos bíblicos de vocación e misión.	É quen de valorar a pertenza a unha familia onde crecemos e somos felices.	TI	100
CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta.	Coñece como Xesús forma a Igrexa a partir da elección dos doce apóstolos, con Pedro á cabeza do grupo.		
CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autoconecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.	Identifica as súas emocións sentimentos e vivencias nos textos que lemos na aula.		
CA1.12 - Valorar a Igrexa como comunidade que continuou coa misión de Xesús resucitado, desde as primeiras comunidades cristiás ata a actualidade, recoñecendo as súas celebracións, tradicións e contribucións sociais.	Recoñece que os cristiáns celebramos a nosa fe, como pobo de Deus, unidos con Xesús e cos demais a través dos sacramentos, especialmente da Eucaristía.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A importancia da familia e a comunidade como fonte de felicidade. - As relacións cos outros como oportunidade de autoconecemento e crecemento persoal. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Xesús anuncia o Reino de Deus: fraternidade e misericordia. - María, Nai da Igrexa. - A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía. - A importancia do perdón para a construción de relacións sociais sólidas, solidarias e fraternas. O sacramento da reconciliación. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.

UD	Título da UD	Duración
7	Celebramos a nosa fe	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e expresar a través de composicións orais, escritas e artísticas os elementos crave da dignidade e a identidade persoal, relacionándoas con diferentes situacións vitais, tendo en conta biografías e relatos bíblicos de vocación e misión.	É quen de valorar a pertenza a unha familia onde crecemos e somos felices e as reunións familiares.	TI	100
CA1.3 - Adquirir destrezas e habilidades sociais que potencien a súa inclusión no grupo e contornas culturais próximos, a través da lectura de pasaxes bíblicas do Novo Testamento e a análise de comportamentos de coidado, responsabilidade, solidariedade e perdón.	Descubre que Xesús é o mellor exemplo para vivir segundo a lei de Deus e ser feliz.		
CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta.	Coñece como Xesús forma a Igrexa a partir da elección dos doce apóstolos, con Pedro á cabeza do grupo.		
CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas.	Descubre que Xesús é o mellor exemplo para vivir segundo a lei de Deus e ser feliz		
CA1.7 - Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular, recoñecendo a súa beleza e o seu significado relixioso e a súa vinculación con textos bíblicos, valorando a súa achega á identidade cultural.	Identifica e coñece as celebracións propias da familia cristiá.		
CA1.9 - Recoñecer e valorar o encontro cos demais como oportunidade para o desenvolvemento da propia interioridade, tendo como referencia os encontros de Xesús de Nazaret.	Sabe que Xesús celebraba festas e momentos especiais compartindo a súa vida e a súa comida.		
CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autoconecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.	Identifica as súas emocións sentimentos e vivencias nos textos que lemos na aula.		
CA1.12 - Valorar a Igrexa como comunidade que continuou coa misión de Xesús resucitado, desde as primeiras comunidades cristiás ata a actualidade, recoñecendo as súas celebracións, tradicións e contribucións sociais.	Recoñece que os cristiáns celebramos a nosa fe, como pobo de Deus, unidos con Xesús e cos demais a través dos sacramentos, especialmente da Eucaristía.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.
- A dignidade do ser humano.
- Relatos bíblicos de vocación e misión.
- A importancia da familia e a comunidade como fonte de felicidade.
- As relacións cos outros como oportunidade de autocoñecemento e crecemento persoal.
- Toma de conciencia da experiencia persoal e do modo de relacionarnos cos demais e con Deus.
- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos.
- A relación de Xesús coas persoas do seu tempo.
- Xesús anuncia o Reino de Deus: fraternidade e misericordia.
- Relatos bíblicos que describen a vida de Xesús de Nazaret cos Apóstolos e as primeiras comunidades cristiás.
- María, Nai da Igrexa.
- A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía.
- A importancia do perdón para a construción de relacións sociais sólidas, solidarias e fraternas. O sacramento da reconciliación.
- Obras artísticas que representan momentos da tradición bíblica e que son configuradoras da súa identidade cultural.
- Valor cultural e artístico do patrimonio da diocese.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- O coidado da contorna natural e social como casa común.
- Hábitos e actividades para o logro dos obxectivos de desenvolvemento sostible á luz da ética cristiá.
- Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Coa LOMLOE promocionase unha metodoloxía que fomente a aprendizaxe competencial cun tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sostible, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso escolar, así como a cultura de paz e os dereitos humanos.

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; como docente paso a ser xestor/a de coñecemento do alumnado, e o alumno/a adquire un maior grao de protagonismo, para que adquira as competencias adecuadas á súa idade. Por iso partirei dos coñecementos que ten o alumnado e da súa experiencia e, utilizarei, cando sexa posible, unha aprendizaxe por descubrimento. Prepara ao alumnado para a vida, ensinándoos a comprender e valorar con espírito crítico.

Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se encontra a capacidade transcendente; por iso, debemos ter

en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que serán base para construír a súa identidade e a dos outros. E axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que se realicen estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Ademais, a aprendizaxe competencial en Relixión completárase cunha metodoloxía indagativa: con traballo cooperativo e interdisciplinar. Polo tanto, intentarei, establecer unha fonte de conexión entre as distintas áreas pódome de acordo con outros mestres/as para algunhas actividades comúns e a través da realización de proxectos, conseguir RETOS.

E, coma os contidos da área de Relixión Católica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción, en experiencia, en vivencia e aplícalo na medida do posible a contextos próximos aos alumnos.

Polo tanto, nas consideracións metodolóxicas debo atender aos seguintes aspectos:

a) OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

1) Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado. Cunha metodoloxía activa, personalizada e, inclusiva, que preste especial atención á diversidade do alumnado e con actividades que teñan sentido para o alumnado xa que partiremos dos problemas e as situacións reais da aula

2) Asegurar aprendizaxes dinámicas, construtivas e significativas, e globalizadoras. Que axuden a desenvolver todas as capacidades do alumno/a: ver, vulgar e actuar correctamente sobre si mesmos, os demais, a sociedade e o medio que os rodea.

Valorando a reflexión e o pensamento crítico do alumnado para facilitar a significatividade do aprendido e a súa aplicabilidade á vida. E, de xeito progresivo, baseándome no principio de continuidade. Ao mesmo tempo, esíxeme coñecer as necesidades, intereses e o nivel de desenvolvemento dos nenos e nenas, preparándoos para unha aprendizaxe ao longo de toda a vida. O aprender a aprender, desde a aprendizaxe colaborativa entre alumnado e mestre/a, e desde a cooperación no traballo especialmente para a resolución de problemas que poidan xurdir na convivencia de aula.

En reli, os alumnos/as iníciáanse no desenvolvemento da busca do sentido último da vida enraizada no profundo do ser, irán descubríndoo nos símbolos e signos do seu contorno, no progreso do curso e na humanización consciente, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación, e de forma máis concreta, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá. Por todo iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborando cos seus compañeiros/as, como unha forma de vivenciar e experimentar todo o que fai referencia ao sentido da vida, á dimensión crente vivida desde un sentido comunitario.

3) Partindo dunha metodoloxía aberta e flexible, para favorecer que sexa unha aprendizaxe autónoma.

Baseada en proxectos. Conectada coa vida, e lúdica, que esperte o entusiasmo e interese por saber.

Moi participativa, e con formas de organización que a favorezan. Así penso que fomentarei o seu espírito de colaboración e responsabilidade.

4) Potenciando a actividade. Facilitando a reflexión á hora da acción e, posibilitando que o alumno/a chegue a facer aquelas actividades que aínda non é capaz de realizar só/soa, pero si coa axuda convinte (zona de desenvolvemento potencial) se pode. O mesmo tempo proporei maior participación dos nenos/as na aula mediante a lectura de textos en voz alta e exposición explicativas dos seus traballos ó resto dos compañeiros e compañeiras, fomentado desde o voluntariado.

Para todo isto:

- Partirei da avaliación inicial, específica e global. Analizarei os seus coñecementos previos.

- Motivarei adecuadamente. Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias. Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións e, espertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender.

Para conseguilo, promoverei o interese desde a motivación, o estímulo e o traballo tanto persoal como en equipo, base do crecemento persoal, orientando ao alumnado para que se valore a si mesmo/a, e descubra as súas aptitudes e acepte as súas limitacións, respectando seus ritmos e estilos de aprendizaxe. Con proxectos significativos e desde a resolución colaborativa de problemas.

- Fomentarei a zona de desenvolvemento potencial na adquisición dos novos coñecementos. É importante que o alumno se implique directamente no proceso de ensino aprendizaxe, que saiba marcarse os seus propios obxectivos e que sexa capaz, progresivamente, de autoavaliar o seu proceso de aprendizaxe, e coa finalidade de fomentar súa autonomía

- Un punto que considero importante é que tamén atendenderei ao seu ámbito emocional, facilitando que adquira

técnicas de autorregulación das súas propias emocións pois forma parte da súa educación integral, e promoverá o desenvolvemento da súa correcta autoestima.

- Terei en conta as características persoais de cada alumno/a. No artigo 4, Ensino básico sinalase cando tal diversidade requírao, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes (...) conforme aos principios do Deseño universal de aprendizaxe

b) O AGRUPAMENTO DOS ALUMNOS/AS

- Gran grupo.
- Pequeno grupo.
- Traballo de mesa individual...

Os criterios de distribución do alumnado na aula este curso estableceréinos cada día en función de cal sexa a actividade que se desenvolva, e/ou segundo as características e necesidades do alumnado en base a natureza disciplinar da actividade. Establecerei agrupamentos fixos e, variarán segundo o criterio que teña establecido cada titor/a na súa aula, ou preferiblemente de xeito individual en último caso.

c) ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS

Adaptado aos alumnos/as. Tendo en conta as súas preferencias, características e capacidades en todo momento. Preverei as distintas situacións xerando na aula un ambiente físico de aprendizaxe grato, afectivamente significativo e esteticamente agradable que lle permita ao alumnado sentirse cómodo, seguro e acollido no tempo que dura cada sesión de Relixión.

Será unha organización o mais flexible posible, adaptándome á idade, actividade, motivación...

Pretendo que os nenos/as sexan dinámicos e se sintan motivados nas clases de Reli, tanto a nivel individual como en grupos reducidos ou gran grupo; deste xeito se amosará a parte activa, creativa e participativa do alumnado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material específico e convencional da aula.
Material impreso Revistas, se é posible.
Material informático e medios audiovisuais cortos animados asociados os textos das editoriais.
Material non específico: Natural recollido no patio / Reciclado recollido na súa casa para elaborar obxectos do proxecto o manualidades.
Material funxible variado individual e colectivo da aula o a biblioteca.
Recursos persoais ou humanos se solicitara a colaboración dos pais e nais nalgunhas actividades aportando a suas experiencias, se é posible.

Os materiais curriculares axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e, especialmente ás características individuais do noso alumnado, atendendo ao artigo 4 da LOMLOE. Ensino básico sinalárase cando tal diversidade o requira, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes (...) conforme aos principios do Deseño universal de aprendizaxe.

Estes materiais permitirán distintos graos de uso; para iso, serán o máis diversos posible, e ofrecerán múltiples posibilidades de utilización en función das necesidades de cada situación e momento. Entre outros, para o correcto desenvolvemento desta programación precisaremos:

Material específico e convencional da aula: Encerado, mesas, sillas, paneis, xogos e puzzles, Biblioteca de aula...

*Material impreso, coma os libros: a Biblia (infantil e xuvenil), contos, cómics, libros de personaxes sagrados, xogos de cartas (a vida de Xesús), parábolas en láminas de cores...

*Material informático e medios audiovisuais. Tecnoloxía da Aprendizaxe da Información (TAC) e TIC: ordenador con conexión a internet, canón de video, app, Biblia infantil, CDs, páxinas web, Biblia on line, xogos informáticos, a miña aula virtual e blogue, películas animadas do Antigo e do Novo Testamento...

*Material non específico: Estarán presentes nas aulas elementos do medio natural e sociocultural que favorezan o vínculo coa identidade do alumnado e creen un ambiente significativo, ademais de espertar o interese por explorar e experimentar cos elementos que as nenas e os nenos teñen ao seu dispor. Podemos clasificalo en natural (o que recolleemos no patio, nunha saída... como pedriñas, follas para decorar nas datas de Nadal...). E, material reciclado.

Isto é material que daremos unha segunda vida reutilizándoo na aula para diferentes actividades lúdicas dentro da nosa clase de relixión (ademais traballamos o tema transversal de educ. para o consumo e a educación ambiental) Ex: vasos de iogur, tapas de botella, botellas de plástico pequenas, rolos de papel hixiénico... para que o alumnado, coa nosa revisión, sexa quen de elaborar sus propios xogos ou adornos.

*Materiais diversos: que se utilizarán nas ocasións que así o requira o tema a traballar, para fomentar a motivación. Por exemplo: xornais, láminas, fotografías,...

*Recursos persoais ou humanos: Alumnado con ganas e ilusión por aprender, mestres colaboradores e familias ou visitas, e institucións locais, axudarán no mellor aproveitamento de todas as posibilidades da nosa contorna.

*Material funxible variado: lapis, goma de borrar, folios brancos, folios de cores, papel charol, papel de seda, papel pinocho, cartolinas, plásticos transparentes, ceras, rotuladores, plastilina, cola, pegamento, tesoiras,...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A o comezo de curso preciso partir dos coñecementos previos que ten o meu alumnado e válome da avaliación inicial para determinar o nivel de coñecementos previos e o grao de desenvolvemento das competencias básicas en cada neno/a.

A avaliación inicial ao principio de cada curso, fareina con actividades lúdicas moi sinxelas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	20	20	20	10	10	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será global, continua e formativa

A avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante os instrumentos: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento do caderno, e algunha proba obxectiva. Servirá para ver se acadan obxectivos e competencias previstos e ademais para comprobar se se segue co tema ou hai que retomar aspectos que non quedan claros

Os criterios de cualificación son os instrumentos que se utilizan para obter o resultado da cualificación do alumnado nunha determinada avaliación.

Estes instrumentos (que establecerei con escalas de observación, rexistros, rúbricas... segundo a consecución do logro de maior a menor grao) permitiranme recoller información relevante sobre os resultados de aprendizaxe e en base aos seguintes criterios de cualificación:

Parte actitudinal.....20%

Aproveitamento do tempo.

Esfuerzo e participación con interese en cada sesión.
Respecto aos mestres/as e aos compañeiros/as
Respecto ás normas de funcionamento na clase.
Atende e participa nas explicacións.

b) Parte conceptual. Análise das producións individuais..... 50%

Responde as preguntas orais / escritas (competencia en comunicación lingüística)
Completa o traballo e o corrixe adecuadamente.
Comprensión dos conceptos
Presentación e limpeza

c) Parte procedimental (actividades mais prácticas).....30%

Actividades diversas

Realización das tarefas e actividades cumprindo as normas da clase (plásticas, escritas, orais..)
Con boa actitude, traballo, esforzo, motivación
Móstrase con interese por facer actividades novas e de distinta índole.

Cos resultados obtidos dos instrumentos que medimos na avaliación asignarase unha cualificación.

O método de avaliación será o de avaliación continua, onde o alumno/a será avaliado constantemente. Desta avaliación xurdirán as diferentes cualificacións por trimestre e a final. As Cualificacións serán segundo a citada Orde, os resultados da avaliación expresaranse nos termos de insuficiente (IN) para as cualificacións negativas e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles, con carácter informativo, unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

Suficiente: 5.

Ben: 6.

Notable: 7 ou 8.

Sobresaliente: 9 ou 10.

Criterios de recuperación:

Non teño alumnado que recuperar.

A o estar ó final do ciclo se en calquera momento do curso, como consecuencia do proceso de avaliación contínua, se detectase que o progreso dun alumno ou alumna non é o axeitado, recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase con pautas que faciliten o progreso na aprendizaxe, con xogos mais manipulativos, actividades lúdicas con propostas sinxelas e de reforzo...

Se ensaiaran diferentes agrupamentos, Asamblea , pequeno grupo ,grupo medio ,traballo por parellas conseguindo garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o seu proceso educativo.

6. Medidas de atención á diversidade

De forma xenérica, podemos dicir que no artigo 75 da LOMLOE se indica a necesidade de actuar baixo o prisma da inclusión e atención á diversidade en todos os ámbitos educativos.

Nesta etapa porase especial énfase na atención individualizada aos alumnos, na realización de diagnósticos precoces e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo para evitar a repetición escolar, particularmente en contornas socialmente desfavorecidas. Nas devanditas contornas as Administracións procederán a un axuste das cocientes(ratios) alumno/unidade como elemento favorecedor destas estratexias pedagóxicas.

O principio de heteroxeneidade comporta a existencia de distintos ritmos e niveis de aprendizaxe nunha mesma clase polo que o respecto e a atención á diversidade son fundamentais.

A finalidade de atender á diversidade é garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas.

Ao comezo do curso realizaremos unha proba de avaliación inicial que nos permitirá detectar se temos alumnado con

necesidades específicas de apoio educativo.

Dependendo do tipo de necesidades poderemos establecer distintas medidas de atención á diversidade como son o reforzo, o apoio ou a adaptación curricular que será deseñada especificamente para cada alumno en coordinación co titor/a, o departamento de orientación e o resto dos profesores que lle imparten clase.

Ao longo das unidades didácticas atenderase á diversidade de todo o alumnado propoñendo actividades non discriminatorias, métodos de carácter compensador, actividades variadas para os diferentes ritmos, instrumentos de avaliación flexibles, ou valores que inclúan a pluralidade do alumnado.

Plantéxanse actividades moi sinxelas, mais manipulativas e visuais para aquel alumnado que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento ou que amose dificultades concretas nalgún contido. Tamén se propoñen actividades máis complexas para aquel alumnado que teña un maior ritmo de aprendizaxe ou que posúa aptitudes para ampliar certos contidos.

Para os alumnos con altas capacidades intelectuais ou unhas condicións extraordinarias para a materia facilitarase unhas actividades de ampliación, así como traballos voluntarios.

Se atenderá o alumno coas súas particularidades: De diferentes capacidades intelectuais e tamén aqueles con dificultades no aprendizaxe, do mesmo modo a aqueles con problemas conductuais, con problemas familiares, aqueles que non se integren con facilidade no grupo clase e se prestará especial atención a posibles faltas de respecto entre iguais no patio

se tera contacto permanente cás tutoras, orientadora e mestra PT e un contacto fluído a traves da axenda escolar ante o menor problema que poidese xurdir

Prestarase mais importancia a o proceso educativo que os resultado de ese proceso, e fundamental Aprender a aprender. o desenvolvemento das distintas competencias o desempeño aís que amemorización sen sentido algún.

se lles tratara de infundir ao alumnado a idea que as diferencias entre as persóas son altamente enriquecedoras e debemos xa desde pequenos favorecer a tolerancia e o respecto entre todos os membros da comunidade educativa

En definitiva favoreceráse a educación compensatoria entre os nenos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión da lectura (CL)	X	X	X	X	X		X
ET.2 - Expresión oral e escrita (EOE)	X	X	X	X	X		X
ET.3 - Comunicación audiovisual (CA)	X	X	X	X	X		X
ET.4 - Competencia dixital (CD)				X			
ET.5 - Emprendemento social e empresarial (ESA)	X						
ET.6 - Promoción do espírito crítico e científico (FECC)	X			X			
ET.7 - Educación emocional e de valores (EEV)	X	X	X	X	X		X
ET.8 - Igualdade de xénero (IG)		X					
ET.9 - Creatividade (CR)	X	X	X	X	X		X
ET.10 - Educación para a saúde (ES)				X			

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.11 - Formación estética (FE)			X		X		X
ET.12 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable (WRI)	X			X			
ET.13 - Respecto mutuo e igualdade de cooperación (RMCI)		X		X			

Observacións:

Ao traballar os mesmos descritores operativos que os demais materias, a relixión nos proxectos de interdisciplinabilidade.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Belén	Material non decidido polo momento: Será material reciclado o que empreguemos como base para a elaboración deste Belén.	X		
Lecturas felices no patio (se é posible)	Saídas ao patio que faremos con obxectivo de admirar a beleza do mundo que nos rodea e ler distintos textos.	X	X	X
Xogos cooperativos (se é posible)	Sairemos ao patio a realizar xogos para afianzar os valores cristiáns	X	X	X

Observacións:

As actividades complementarias que propoño serán experiencias de aprendizaxe emocionalmente positivas e divertidas, e, aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a súa autoestima e integración social e o establecemento dun apego seguro.

Estas actividades soamente se farán co alumnado que curse a materia de relixión pola carga relixiosa que teñen, e por respecto ás familias e/ou os titores legais que libremente deciden non matricular ós seus fillos en relixión.

A saída ao patio do centro farase na hora de relixión e se a organización do centro o permite, collerase un recreo.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Realizo a miña programación de aula de forma coherente e meditada.
A adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico.

Metodoloxía empregada
Aplico diversas metodoloxías para promover o aprendizaxe activo.
Realizo actividades baseadas no aprendizaxe cooperativo.
Vínculo o aprendizaxe ca vida real.
Utilizo a avaliación para favorecer a aprendizaxe.
Fomento a autoavaliación e a coavaliación.
Evito calquera maneira de discriminación cara o alumnado, familias e co equipo docente.
Priorizo os valores cristiáns e procedementos, sobre os conceptos
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprego na dinámica de aula os recursos e materiais dos que dispón.
Medidas de atención á diversidade
Creo e comparto materiais didácticos para apoiar o aprendizaxe.
Adapto as actividades a diversidade da aula.
Clima de traballo na aula
Potencio a participación dos alumnos na aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Respeto os aspectos confidenciais da miña profesión
Asumo as funcións do meu posto de traballo
Busco un clima de benestar cos meus compañeiros.
Outros
Reflexiono sobre o meu exercicio docente establecendo puntos febles e fortes.
Realizo formación para mellorar como profesional máis alá da que me proporciona e suxire o centro.

Descrición:

Na ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, establécese a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa. No seu art.26 especificácase a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente dentro deste marco e tendo como fin a avaliación do proceso de ensino e da propia práctica basareina no análise e valoración da miña intervención educativa nas aulas para adaptala ás características e necesidades do alumnado.

Así, na miña programación didáctica establezo os anteriores indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente. Estes indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente tereinos en conta para realizar o seguimento das programacións didácticas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizarase o seguemento a través da aplicación Proens, farase na medida do posible, ao remate de cada situación de aprendizaxe, asegurando que se completou ao finalizar o trimestre. Os datos recollidos no seguemento permitirán tomar decisións cara á programación do seguinte curso académico.

9. Outros apartados